

En virtude das competencias que me outorga o artigo 21.1 m) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta a crise sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19 que motivou a necesidade de adopción de medidas excepcionais dende o pasado 15 de marzo de 2020, co fin de preservar a seguridade e saúde pública.

Vista a ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto o DECRETO 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Resultando nas referidas Orde e Decreto se establecen medidas que afectan a servizos municipais, cómpre realizar unha análise dos mesmos co fin de adoptar as medidas que correspondan para a adaptación á nova normativa, así como en aras a garantir a seguridade da veciñanza, tendo en conta a situación epidemiolóxica deste Concello.

## RESOLVO

**Primeiro.- Manter o peche ao público e a suspensión total das actividades do Teatro Pastor Díaz.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán realizar as súas funcións nos seus postos de traballo a porta pechada, e nos supostos de ser posible, de forma telemática.

**Segundo.- Manter o peche ao público da biblioteca municipal.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán realizar as súas funcións nos seus postos de traballo a porta pechada, e, nos supostos de ser posible, de forma telemática.

**Terceiro.- Manter o peche ao público da Oficina de Turismo.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán realizar as súas funcións nos seus postos de traballo a porta pechada, e nos supostos de ser posible, de forma telemática.

**Cuarto.- Manter o peche das instalacións deportivas municipais (campos de fútbol e pavillóns). Permanecerán unicamente abertas as instalacións deportivas para a práctica do deporte federado de ámbito nacional, sempre e cando se manteñan vixentes as competicións. A actividade deportiva neste senso deberá realizarse tendo en conta o disposto no punto 3.15 do Anexo da Orde de 26 de xaneiro de 2021.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán permanecer operativos e dispoñibles durante a xornada laboral para acudir aos seus postos de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. A estes efectos os traballadores municipais deberán estar localizables. Así mesmo, establécese a necesidade de acudir presencialmente aos seus postos de traballo para a revisión periódica e realización do mantemento básico da súa competencia co fin de que as instalacións se atopen en óptimo estado para o momento da súa reapertura. Non se fixa un horario específico nin periodicidade mínima, debendo acudir presencialmente as xornadas necesarias e as horas precisas para levar a cabo as funcións referidas. Así mesmo, os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste servizo en instalacións nas que se leve a cabo actividade deportiva federada de ámbito nacional deberán acudir aos seus postos de traballo no horario e xornada habitual que sexan precisos en función do referido uso das instalacións.



**Quinto.- Manter o peche dos centros socioculturais e locais sociais municipais.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán permanecer operativos e dispoñibles durante a xornada laboral para acudir aos seus postos de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. A estes efectos os traballadores municipais deberán estar localizables. Así mesmo, establécese a necesidade de acudir presencialmente aos seus postos de traballo para a revisión periódica e realización do mantemento básico da súa competencia co fin de que as instalacións se atopen en óptimo estado para o momento da súa reapertura. Non se fixa un horario específico nin periodicidade mínima, debendo acudir presencialmente as xornadas necesarias e as horas precisas para levar a cabo as funcións referidas.

**Sexto.- Manter o peche da piscina municipal.** Os empregados municipais adscritos aos postos de traballo deste Servizo deberán permanecer operativos e dispoñibles durante a xornada laboral para acudir aos seus postos de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. A estes efectos os traballadores municipais deberán estar localizables. Así mesmo, establécese a necesidade dos traballadores adscritos aos postos de operario de mantemento, de acudir presencialmente, en quendas, aos seus postos de traballo para a revisión periódica e realización do mantemento preciso das instalacións.

**Sétimo.- Manter a suspensión das actividades deportivas, culturais, congresos, conferencias, reunións, ou calquer outro tipo de evento ou actividade que estivese previsto levar a cabo en instalacións municipais, sen prexuízo das actividades permitidas conforme á presente Resolución, quedando anuladas ou suspendidas, no seu caso, as autorizacións e cesións de uso de locais, instalacións ou espazos municipais con efectos para o período de vixencia desta suspensión. Así mesmo, durante este período non se autorizarán, neste senso, as solicitudes de cesión ou autorización de locais, instalación ou espazos municipais.**

**Oitavo.- A realización de reunións laborais e sesión de órganos colexiados no ámbito da actividade administrativa municipal do Concello de Viveiro deberán realizarse, sempre que sexa posible, de forma telemática.**

**Noveno.- Manter o peche dos baños públicos e dos parques infantís municipais. Manter así mesmo a suspensión da totalidade de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras no termo municipal de Viveiro.**

**Décimo.- En todos os espazos públicos de titularidade municipal prohibese a permanencia de grupos de persoas non conviventes.** Esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Esta limitación tampouco será de aplicación ás actividades que contén cun aforo específico, a excepción de que expresamente se contemple tal limitación.

**Décimo Primeiro.- Manter a celebración dos mercados que teñen lugar no Concello de Viveiro coas restricións vixentes na actualidade.**

**Décimo Segundo.- Manter o funcionamento dos servizos administrativos municipais nas condicións existentes na actualidade,** recomendando en todo caso á cidadanía a solicitude de cita previa, sempre que non se trate de situacións de urxencia, co fin de evitar aglomeracións e minimizar os riscos de contaxio.

**Décimo Terceiro.- Manter a suspensión das clases presenciais do Conservatorio Profesional de Música ata o vindeiro día 17 de febreiro de 2021.** Durante este período as clases impartiranse de forma telemática. O persoal municipal adscrito aos postos de traballo de administrativo e conserxe nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música deberán



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email: concello@viveiro.es  
realizar as súas funcións nos seus postos de traballo a porta pechada, e nos supostos de ser posible, de forma telemática.

**Décimo Cuarto.- Manter a suspensión do servizo da escola infantil municipal ata o vindeiro día 17 de febreiro de 2021.**

**Décimo Quinto.- Acordar a adopción de todas as medidas preventivas establecidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021** pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e no **DECRETO 8/2021, do 26 de xaneiro**, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

**Décimo Sexto.- Estas medidas entrarán en vigor o 27 de xaneiro de 2021 e manterán a súa vixencia ata o 17 de febreiro de 2021** en tanto non sexan modificadas pola Autoridade Sanitaria autonómica competente, ou non sexan revisadas por este Concello, en virtude das normas que se diten polas autoridades competentes, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica.

En Viveiro á data que consta á marxe.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.: María Loureiro García.

Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do  
Real Decreto 128/2018  
A Secretaria

Asdo.: María Luz Balsa Rábade.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

